

CIRCULAR 236

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

MAIO / XUÑO 2012



XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



Concepción Fernández Fernández

Secretaria



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Emprego / Responsable da Biblioteca



Miguel A. Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa e Correspondente de Infocop



Antonio González Fernández

Vogal / Coordinador da Xunta de Goberno coa Comisión de Ética e Deontoloxía



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía



Mª Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero / Vogalía de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Vogalía de Formación

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a Nº 237 de xullo/agosto de 2012,
e sairá a principios do mes de setembro de 2012.
A información terá que ser remitida como data límite
o 15 de agosto.

ÍNDICE

3	Información Xeral
14	Información das Seccións
22	Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)
24	Grupo de Tráfico e Seguridade
26	Comisión de Ética e Deontoloxía

Indefensión

A situación de medo e desesperanza diante do futuro paraliza. É o que ocorre coas persoas deprimidas, que pensan, senten e compórtanse con indefensión como dicía Seligman. A indefensión é o proceso polo que un organismo aprende que as consecuencias son independentes do comportamento, o que conduce a un estado de estupor e incapacidade percibida para resolver calquera situación de ameaza. A indefensión aparece cando se perde o control das consecuencias do propio comportamento. Isto é o que nos está ocorrendo de forma individual e colectiva. Por iso estamos paralizados ante o retroceso ético, democrático e económico que padece a nosa sociedade. Cada día somos máis pobres en dereitos e oportunidades para construír un futuro mellor, é máis difícil ou imposible para unha ampla maioría cidadá acceder a bens e servizos públicos, que hai un par de décadas considerabamos imprescindibles e indiscutibles para progresar na igualdade e mellorar socioeconomicamente, porque sen igualdade, sen dereitos e sen xustiza non hai democracia nin progreso económico. Pensabamos e traballabamos coa idea de construír un forte Estado de Benestar que redistribuíse as riquezas e mellorase as condicións de vida da maioría da poboación... Aínda tiñamos presente que ese modelo foi o que deu saída a unha Europa deprimida logo da II Guerra Mundial, e que era o modelo distintivo do vello continente, fronte ao modelo de capitalismo americano e de socialismo ruso. Hoxe en día, esvaídos os referentes ideolóxicos e políticos, depende o noso futuro (profesional, familiar e persoal) dos valores da bolsa e das primas de risco e intereses bancarios, algo absolutamente fora do “locus de control” de calquera persoa normal.

AVISO

Unicamente se envían as comunicacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia por correo electrónico.

Se aínda non facilitaches un enderezo de correo electrónico para recibir a correspondencia do COPG por e-mail, pregámosche que a fin de enviarche dita información nos facilites o teu correo electrónico á maior brevidade posible, senón NON poderás recibir información do Colexio.

Por iso, sufrimos de indefensión. Desesperanza e abatemento. O COPG é consciente de que esta situación ten un impacto psicosocial abafador sobre a vida das persoas. Polo sufrimento ocasionado sobre quen non está en disposición de defenderse, deprimido e sen expectativas. Os pasos que calquera profesional indicaría nesta situación son buscar/localizar convenientemente os responsables da situación e rachar así o interesado sentimento de culpabilidade creado sobre toda a poboación: “todos somos responsables, vivimos por encima das nosas posibilidades”, porque en absoluto foi así, a maioría cumpríamos cos nosos traballos e procurabamos os nosos soños: unha vivenda digna, un posto de traballo ben retribuído e con dereitos sociais conseguidos logo de moito tempo de loita sindical e profesional, unha sanidade pública de calidade que garantise a mellor atención a todos e todas nos momentos máis delicados e un ensino público que garantise a igualdade de oportunidades e procurase un futuro mellor.

Si é certo que mentres a maioría estaba nestas leas outros tentaban sacar vantaxe: recalificando e poñendo en venta todo o solo, descapitalizando o patrimonio común, primeiro as infraestruturas e comunicacións (venta e privatización de autoestradas e empresas de telefonía) e a sanidade e educación para así satisfacer os intereses dunha clase empresarial e social que tiña poucos reparos co patrimonio público e que convivía placidamente con representantes políticos, nada defensores do público e de comportamento “pouco exemplar”, e en casos, comprobadamente corruptos.

Tendo claro o “locus de control” hai que esixir responsabilidades. Tratar de transformar a culpabilidade e indefensión en rabia e indignación, para colectivamente construír un sentimento de inxustiza que nos permita localizar e analizar a causalidade e responsabilidades e comezar a recuperar enerxía e optimismo para camiñar pola senda da recuperación de valores comunitarios sobre os que reconstruír os espazos públicos, a dignidade da política e os necesarios dereitos individuais e colectivos... pero isto será obxecto de reflexión dunha próxima editorial.



Momento da Conferencia

Relacións institucionais

A Secretaria do COPG, Concepción Fernández Fernández, xunto con Juan Manuel Daponte Codina e José Antonio Varela Alonso, psicólogos dos equipos de mediación intraxudicial de Santiago de Compostela e Ourense respectivamente, asistiron o 27 de abril a unha xuntanza na Secretaría Xeral de Política Social da Xunta de Galicia para tratar sobre temas relacionados cos equipos de mediación intraxudicial.



Mª Rosa Álvarez Prada

A Decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, foi convidada a participar na reunión da Conferencia de Decanos de Psicoloxía das Universidades Españolas, celebrada en Santiago de Compostela os días 24 e 25 de maio.

A Decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, acompañada de Xavier Sardiña Agra, Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica do Colexio, mantiveron o 11 de xuño a unha xuntanza coa Conselleira de Sanidade da Xunta de Galicia, Rocío Mosquera Álvarez. Na reunión trataron entre outros os seguintes temas:

- ▣ O seguimento do proceso de autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios consonte a Lei 5/2011 de Economía Social.
 - ▣ A necesidade de que o COPG sexa incluído na Comisión Autonómica de Formación Continuada dos profesionais sanitarios da Xunta de Galicia.
 - ▣ A atención psicolóxica no SERGAS, como pode ser na Unidade de Hospitalización Psiquiátrica Infanto-xuvenil ou a Unidade de Atención Temperá do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.
-



A Coordinadora da Comisión de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, mantivo o 14 de xuño unha reunión co Concelleiro de Mobilidade, Seguridade Cidadá e Tráfico do Concello de Santiago de Compostela, Albino Vázquez Aldrey, na que trataron sobre posibles vías de colaboración en materia de seguridade viaria entre ambas institucións.

En representación do Colexio

A Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, asistiu á 6ª Edición do Fit to Drive International Traffic Expert Congress, celebrado os días 26 e 27 de abril en Barcelona e organizado pola entidade alemá Verband der TÜV.



Eva Muíño Gómez

A Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero e Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Concepción Rodríguez Pérez, asistiu o 22 de maio ao acto literario conmemorativo do Día das Letras Galegas organizado pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e celebrado en Santiago de Compostela.

O Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Víctor Manuel Torrado Oubiña, asistiu o 25 de maio á presentación do monográfico sobre sanidade da revista “Criterios de Res Pública”, acto celebrado na Coruña e organizado pola Fundación Instituto de Estudios Políticos e Sociais (IEPS).



Víctor Manuel Torrado Oubiña



Momento do Seminario “A proba pericial”



Concepción Rodríguez Pérez

O Presidente da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG, José Luis Rodríguez-Arias Palomo, impartiu o relatorio “O informe psicolóxico pericial: Achegas e controversias” no Seminario “A proba pericial” celebrado en Santiago de Compostela o 7 de xuño e organizado pola Unión Profesional de Galicia.

A Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero e Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Concepción Rodríguez Pérez, participou na mesa redonda “Intervención psicolóxica con vítimas de violencia de xénero” nas V Xornadas sobre a violencia de xénero, celebradas o 7 e 8 de xuño en Ares (A Coruña) e organizadas polo citado Concello.



David Facal Mayo

O Vicepresidente da Sección de Psicología da Intervención Social do COPG, David Facal Mayo, asistiu o 14 de xuño á reunión de Grupo de Traballo para a elaboración dunha estratexia de prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, convocada pola Secretaría Xeral de Política Social da Xunta de Galicia.

 cambio VIGO HOMOLOGADO PELA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ASOCIACIÓNS DE TERAPIA FAMILIAR EFTA, MEMBERSHIP	PSICOESTUDIO KARMA Telf: 986 295 621 Telf: 986 471 439 Aptdo. de Correos 1621 Vigo e-mail: psicoestudio@psicoestudio.com www.formacioncambiovigo.com Grupos reducidos Seminarios con especialistas Prácticas in vivo supervisadas Horarios e contidos adaptados ao alumno/a ou profesional interesado/a	equipo de formación e supervisión: José Manuel González Alonso Celia Cameselle Taboada José Antonio Muñiz Torrado Manuel Lopo Lago colaboradores asociados: Emilio Gutiérrez García (Unidade Venres Clínico Universidade Santiago de Compostela) José Luis Rodríguez-Arias Palomo (Complejo Hospitalario Universitario A Coruña, C.H.U.A.C.)
	PUBLICIDADE	

O COPG e o Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión da Junta de Gobierno do Consejo General de COP, que se celebrou o 28 de abril en Santander.

O Vogal da Xunta de Gobierno e Coordinador da Sección de PTO do COPG, José Luis Domínguez Rey, asistiu á reunión da Coordinadora da División de Psicología do Trabajo, das Organizacións e os Recursos Humanos do Consejo General de COP, que se celebrou o 5 de maio en Madrid.

A Presidenta da Sección de Psicología Xurídica do COPG, Carmen Morell Muñoz, asistiu á reunión da Área de Psicología Xurídica do Consejo General de COP, que se celebrou o 19 de maio en Madrid.

O Vogal da Comisión do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG, José Ramón García Gómez, asistiu á reunión do Grupo de Trabajo de Psicología da Intervención en Emerxencias e Catástrofes do Consejo General de COP, que se celebrou o 2 de xuño en Madrid.

O Presidente da Sección de Psicología Clínica do COPG, Xavier Sardiña Agra, asistiu á reunión da Área de Psicología Clínica do Consejo General de COP, que se celebrou o 9 de xuño en Madrid.

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión da Junta de Gobierno do Consejo General de COP, que se celebrou os días 22 e 23 de xuño en Madrid, así como á reunión da Junta General do Consejo General de COP celebrada o 23 de xuño.



José Luis Domínguez Rey



Xavier Sardiña Agra

AVISO

Aquelas persoas colexiadas que teñan inquietudes relacionadas coa fotografía, pintura ou escultura, teñen á súa disposición a sede colexial para expoñer as súas obras.

Os/As interesados/as a tal efecto poden contactar coa Administración do Colexio.

Achegas da Psicoloxía 2012

O 12 de maio tivo lugar no Parador de Baiona (Pontevedra), un encontro dos colexiados e colexiadas do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, acto no que se fixo entrega do Premio “Dolores Llópiz: Psicoloxía e Sociedade 2012”, galardón creado para distinguir á persoa, institución ou asociación que teña colaborado co COPG contribuíndo ao desenvolvemento da nosa profesión. Este ano concedeu o premio á Directora do programa *La Ventana* da Cadena Ser, Gemma Nierga Barris, polos espazos “Nikosia” e “La tertulia desde la cárcel”. Foi un recoñecemento desde a nosa profesión ao compromiso e á sensibilidade que desde *La Ventana* se leva demostrando durante anos cos colectivos que son motivo destes espazos radiofónicos. Un enorme labor de visualización e desestigmatización “cedendo semanalmente os micrófonos a “tolos” e a “presos”, fai que os muros que os separa da sociedade acaben sendo derribados ou polo menos máis permeables.

Neste acto homenaxeáronse aos compañeiros e compañeiras da profesión que cumpriron 25 anos de colexiación e deuse a benvida a aqueles e aquelas que se incorporaron por primeira vez ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no ano 2011 facéndolles entrega dunha distinción colexial.



Compañeiros que cumpriron 25 anos de colexiación



Momento da entrega do premio

Sinatura do Convenio de colaboración coa Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Levou-se a cabo un ano máis a sinatura do Convenio de Colaboración para 2012 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia en materia de Protección Civil.

Sinatura do Convenio de colaboración coa Federación Galega de Dano Cerebral

O COPG e a Federación Galega de Dano Cerebral de Galicia (FEGADACE) asinaron un acordo marco de colaboración entre as dúas entidades co fin de promover accións conxuntas, coordinadas e beneficiosas para ambas institucións, que teñan por obxecto a sensibilización, a formación, a intervención social, a investigación e a organización de accións e eventos.



Momento da sinatura

Renovación carnés

Se o teu carné está caducado ou caduca en breve, solicita a súa renovación na Administración do Colexio, por teléfono ou por e-mail.

Títulos de Licenciatura en Psicología

Lembrámoslle a todas as persoas que se colegiaron co depósito do título de licenciatura e que aínda non presentaron o título orixinal, que deberán facelo á maior brevidade posible para o seu rexistro. Deberán traer orixinal e copia, ou enviar unha fotocopia compulsada para archivar no seu expediente colexial.

Reunión coa Asociación de Axuda a Nenos e Nenas Oncolóxicos de Galicia

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, mantivo o 22 de maio na sede do COPG unha reunión con representantes da Asociación de Axuda a Nenos Oncolóxicos de Galicia (ASANOG) na que tamén estivo presente a Presidenta da Asociación de Psicólogos Clínicos do SERGAS, Rosa Cerqueiro Landín. Dita reunión tivo como eixo central a demanda de atención psicolóxica a nenos e nenas e os seus pais e nais nas Unidades de Oncoloxía Pediátrica.

Fallo do V Concurso Literario do Colexio Oficial de Psicología de Galicia “Rosa de Cen Follas”

Na súa reunión do 19 de xuño os membros do xurado do V Concurso Literario do COPG “Rosa de Cen Follas”, acordaron por unanimidade outorgar, de entre un total de 15 obras literarias, o premio a Alba Cid Fernández pola obra “A raíz dos manglares”, na modalidade de poesía, e a Rocío Leira Castro por “Recunchos incólumes”, na modalidade de Narrativa.

Alegacións ao proxecto de Decreto polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia

A instancias da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, o COPG presentou as alegacións que se estimaron oportunas ao proxecto de Decreto polo que se regulan os Puntos de Encontro Familiar en Galicia.

Novos test para empréstimo

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ven de ampliar o servizo de empréstimo de material de avaliación psicolóxica poñendo a disposición dos colexiados e colexiadas novos test:

- ❑ TEST WCST, Test de clasificación de tarxetas de Wisconsin.
- ❑ TEST PAI, Inventario de avaliación da personalidade.
- ❑ TEST BIP, Inventario Bochum de personalidade e competencias.
- ❑ TEST EFAI, Avaliación das aptitudes intelectuais.
- ❑ TEST MY, Test de memoria.
- ❑ TEST IAC, Inventario de adaptación de conducta.
- ❑ TEST DECORE, Cuestionario de avaliación de riscos psicosociais.
- ❑ TEST FRIDA, Factores de risco interpersoais para o consumo de drogas en adolescentes.
- ❑ TEST CECAD, Cuestionario educativo – clínico: Ansiedade e depresión.
- ❑ TEST AVE, Acoso e violencia escolar.

O procedemento para solicitar estes test continua a ser o mesmo que estamos a utilizar no servizo de empréstimo de test.

Máis información sobre o servizo na páxina web do Colexio
www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=341

Apoio ao Programa de Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local

O COPG asinou un escrito dirixido á Conselleira de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia en defensa da consolidación do programa de Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local (AEDL), como elemento fundamental para a implantación das políticas activas de emprego no ámbito local.

Participación no XXV Symposium da SEHP

O COPG participou no XXV Symposium da Sociedade Española de Historia da Psicoloxía, celebrado en Santiago de Compostela do 10 ao 12 maio, no que presentou dúas comunicacións: *“Aportacións á historia recente da Psicoloxía en Galicia”*, presentado por Manuel Filgueira Lois e *“A historia da Psicoloxía, outra mirada”*, presentada por Felisa Balboa Cardoso. Asemade, a Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, moderou a Mesa Redonda que versou sobre “Historia da Psicoloxía en Galicia”.



Momentos do Simposio

Medios de Comunicación

O COPG celebrou unha rolda de prensa conxuntamente coa Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia o 5 de xuño na sede colexial para a presentación pública dos Programas de Atención Psicolóxica en Violencia de Xénero do COPG.

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=2 e www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=3.



SECCIÓN DE PSICOLOGÍA CLÍNICA

Formación

A Sección está traballando na programación dos vindeiros cursos. Neste momento podemos adiantar a seguinte información, que poderedes atopar ampliada e actualizada na páxina web do Colexio no apartado de novas da Sección de Psicología Clínica www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=41.

- ❑ Curso “Violencia filio-parental”. As datas previstas para a súa celebración son o 19 e 20 de outubro en Vigo. Será impartido por **Manuel S. Lopo Lago**, Terapeuta no Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero do COPG e coordinado por **Rosa Cerqueiro Landín**, Secretaria da Sección de Psicología Clínica.
- ❑ Curso “Medos, fobias e terrores infantís”. Será impartido en Pontevedra no mes de xaneiro de 2013 por **Teba Gurpide Laspalas** e **Raquel Espantoso San José**, ambas Psicólogas no Gabinete Agarimo de Pontevedra.
- ❑ Tamén estamos desenvolvendo un curso de formación continuada en psicología sanitaria que será impartido por un grupo de Psicólogos/as Clínicos/as coordinados por **José Eduardo Rodríguez Otero**, Psicólogo Clínico, Terapeuta familiar do Centro de Psicoterapia Agarimo (Pontevedra). A duración do mesmo será de 300 horas e estará orientado a aportar aos colexiados e colexiadas os coñecementos e aptitudes acorde as obrigas que supón o desenvolvemento de actividade profesional sanitaria.

Xornadas da Sección

No mes de novembro de 2012 celebraremos en Santiago de Compostela as XVII Xornadas da Sección de Psicología Clínica do COPG. Nelas analizaremos as implicacións que os novos cambios na lexislación sanitaria teñen na profesión a nivel formativo, institucional e na práctica profesional. Esperamos poder adiantarvos o programa en próximas datas.

INFORMACIÓN DAS SECCIONS

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión ou Grupo de Traballo* do COPG antes do 15 de cada mes par.

De acordo coa normativa vixente, a colexiación é obrigatoria para o exercicio da profesión de psicólogo/a, e en consecuencia as persoas que non estean colexiadas non poderán exercer como psicólogos/as.

AVISO

Rexistro de psicólogos/as especialistas en Psicología Clínica

O COPG creou un rexistro de psicólogos/as especialistas en Psicología Clínica para dar cumprimento ao estipulado no Real Decreto que crea e regula a Especialidade de Psicología Clínica (Real Decreto 2490/1998 do 20 de novembro) e da Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias (Lei 44/2003 de 21 de novembro).

Todas aquelas persoas colexiadas que teñades acadado esta titulación do Ministerio, deberedes aportar unha copia compulsada do título de especialista para incorporala ao voso expediente e quedar debidamente anotado no citado rexistro de especialistas. Para máis información contactar coa administración do COPG.

Regulación da Psicología no ámbito sanitario

A Lei 33/2011, de 4 de outubro, Xeral de Saúde Pública, recolle na disposición adicional sétima a regulación da Psicología no ámbito sanitario. As persoas interesadas poden consultar o seu contido a través do seguinte enlace da páxina web do Colexio www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=586.

Enlace ao apartado da Sección de Psicología Clínica da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=36



SECCIÓN DE PSICOLOGÍA EDUCATIVA

O 16 de febreiro deste ano constituíuse a **CIPES (Comisión Interinstitucional de Psicólogos Educativos)**.

Os membros de CIPES, mantiveron reunións con representantes dos diferentes partidos políticos, nas cales se trataron asuntos de grande interese para a consolidación do Psicólogo e Psicóloga Educativa nos servizos de orientación escolar. Esta iniciativa pretende garantir cos profesionais que integren os equipos de orientación escolar estean debidamente cualificados, mediante o grado en psicología ou pedagogía e tras ter cursado *un máster profesionalizante de psicología da educación correspondente*, pois o actual máster de formación do profesorado non é o medio máis axeitado.

Esta primeira volta de contactos conclúe o 5 de xuño, cunha reunión de representantes dos diferentes ámbitos constituíntes da CIPES co Subdirector Xeral de Coordinación Académica e Réxime Xurídico e a Subdirectora Xeral de Títulos e Recoñecemento de Cualificacións, do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Un dos obxectivos desta reunión foi explicar aos subdirectores cos representantes dos diferentes partidos políticos están de acordo co asinado o 21 de setembro de 2010 entre varias institucións implicadas sobre a inserción do Psicólogo Educativo no sistema de educación español non universitario.

Podedes ampliar a información no seguinte enlace
www.copgalicia.es/pdf/A_ultima_etapa_da_primeira_volta_para_os_psicologos_as_educativas.pdf.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía Educativa da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=191.



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

Curso “Deseño de proxectos de intervención psicosocial”

Os días 1e 2 de xuño tivo lugar na sede do Colexio este curso impartido por **José Luis Santos-Ascarza Bacariza**, C-A Consultoría Social, **Miguel Vicente Mariño**, Universidad de Valladolid e **Ignacio Vázquez Rodríguez**, APEM, e **David Facal Mayo**, Vicepresidente da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG quen tamén coordinou.

Neste curso pretendeuse dar a coñecer aos asistentes as ferramentas para deseñar unha intervención, os eidos que configuran a xestión da intervención social e aprender a presentar e defender un proxecto ante diferentes públicos.



Momento do Curso

Formación

Estase a organizar un evento para o sábado 29 de setembro, que terá como tema central o envellecemento activo e a prevención da dependencia. Intentaremos que coincida coa Asemblea Xeral de Socios e Socias da Sección.

En vindeiras datas terá lugar un encontro de profesionais de Servizos Sociais en Galicia organizado en conxunto polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, o Colexio de Educadores e Educadoras Sociais e o Colexio de Traballo Social de Galicia, da que sairá información oportuna xa que agárdase que sexa de grande interese para todas e todos os profesionais traballadores no ámbito social; aínda que o punto forte será constituír un lugar de encontro e intercambio, preténdese que sexa un momento de debate da situación no eido social para profesionais e profesión.

Información

No apartado de documentación da Sección na páxina web do COPG poderedes atopar documentación da nova normativa que vai saíndo e que consideramos importante para o exercicio da profesión.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía da Intervención Social da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=63.



DIVISIÓN PTORH

Segue aberta a inscrición para ingresar na División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos do Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos.

Máis información:
www.cop.es/ptorh

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Reunión da División PTORH en Galicia

A Xunta Directiva da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos do Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos, con motivo do encontro e sesións técnicas da División, celebrará o vindeiro 7 de setembro a súa

próxima reunión para abordar a planificación de novos proxectos e o tema das competencias profesionais. Máis información en www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=479.

Encontro interterritorial 2012 da División PTORH

A Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG, será a encargada de organizar o encontro anual de representantes das distintas seccións no ámbito nacional. O encontro terá lugar o sábado 8 de setembro e iniciárase con dúas sesións técnicas pola mañá: “As TIC no ámbito de Recursos Humanos” e “A norma ISO: Para avaliar persoas en ámbitos laborais”. Continuará pola tarde coas sesións de traballo e debate sobre acreditacións profesionais e a presentación da plataforma interactiva de comunicación. Informarase oportunamente sobre o programa do encontro.

Grupo de Traballo: Saúde e Benestar Ocupacional

O pasado 9 de xuño reuniuse o Grupo de Traballo para analizar propostas e programar o segundo semestre. Quedou establecido un plan de actuación que contempla as seguintes actividades:

- ❑ Programar unha actividade de formación interna que sería proposta á Sección de PTO.
- ❑ Iniciar contacto para estudar posibles convenios de colaboración con distintas institucións.
- ❑ Deseñar un tríptico informativo sobre saúde ocupacional para a súa distribución no tecido empresarial da comunidade autónoma.

Mais información: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=609.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=81.

AVISOS E ANUNCIOS

Este é un espazo gratuíto reservado para que os/as Colexiados/as poidan inserir anuncios por palabras, sobre aluguer, compra-venta, ou para compartir despachos profesionais.

- Os anuncios enviaranse á Administración do COPG antes do día 15 de cada mes par.
- O número máximo de palabras por cada anuncio será de 50.
- Para calquera información consultar coa Administración do COPG.

Exemplo: “Alúgase despacho de psicoloxía a tempo parcial ou completo de 20 m² na Rúa Santa Margarita, 35. Santiago de Compostela. Tfno.: 981 000 000”.



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

Conferencia “Aspectos legais e disciplinarios no ámbito dos colexios profesionais”



Arturo J. Mosquera Diéguez e Carmen Morell Muñoz

Baixo este título celebrouse dita conferencia o 26 de maio na sede do COPG, coordinada por **Camen Morell Muñoz**, Presidenta da Sección de Psicología Jurídica do COPG e impartido por **Arturo J. Mosquera Diéguez**, Avogado e Vogal da Comisión Deontolóxica do Ilustre Colexio de Avogados de Ourense, o cal nos achegou ao dereito administrativo e fixo unha reflexión sobre as aplicacións dos aspectos disciplinarios nos colexios profesionais e presentou algunhas sentencias.

Asemblea de Socios e Socias Extraordinaria

Na Asemblea de Socios e Socias Extraordinaria celebrada o pasado 26 de maio aprobouse por maioría o Regulamento do Listado de Peritos elaborado pola Xunta Directiva da Sección de Psicología Jurídica do COPG e modificado coas aportacións dos Socios e Socias. Xa foi enviado á Xunta de Goberno do Colexio para a súa revisión e/ou aprobación. Igualmente na Asemblea acordouse redactar unha carta en relación aos asuntos tratados na conferencia previa sobre temas relacionados coa Comisión de Ética e Deontoloxía.

Xornadas da Sección

O pasado 15 e 16 de xuño celebráronse no Salón de Actos do COPG as **Xornadas de Psicología Jurídica “Dereito de familia: Análise psico-xurídico sobre a garda e custodia dos fillos e fillas”**. As xornadas foron coordinadas pola Vogal da Xunta Directiva da Sección, **Clara Isabel Fenández Rodicio**.

Neste momento de tanta actualidade, meses antes da presentación da Lei sobre custodia compartida a nivel nacional, contamos coa presenza de **Vicente Ibáñez Valverde**, Psicólogo Forense dos Xulgados de Madrid, o cal fixo un recorrido histórico sobre o concepto de custodia e falou sobre as formas de regular a custodia de fillos e fillas nos distintos países da Comunidade Europea, nos EEUU e nas distintas comunidades autónomas do noso país con regulacións previas á futura lei nacional. Completou o programa teórico ca presentación de casos prácticos. As



Momento da Xornada

xornadas continuaron coa intervención de **Cristina Nespereira Mira** e **José Antonio Varela Alonso**, Avogada e Psicólogo respectivamente, do Equipo de Mediación Intraxudicial do Xulgado de Instancia Nº 6 de Ourense, os cales informaron aos asistentes sobre a experiencia do servizo no que ambos traballan, explicaron cómo organizan o traballo de equipo e presentaron as estatísticas desde o inicio da mediación en Ourense. Posteriormente, **Helena Martínez Hens**, Profesora de Dereito Civil da Universidade de Vigo disertou sobre os principais motivos de debate que xorden coa custodia compartida, para posicionarse claramente a favor da regulación da mesma e de que sexa establecida como opción preferente. Seguidamente, **Luis Salgado Carbajales**, Responsable da Área de Familia do Ilustre Colexio de Avogados de Ourense, presentou unha conferencia a nivel expositivo–teórico con presentación de casos prácticos sobre o interese do menor nas decisións xudiciais sobre a garda e custodia. Por último contamos coa participación de **Pascual Ortuño Muñoz**, Maxistrado da Sala de Familia da Audiencia Provincial de Barcelona, quen falou dos “novos enfoques xurisdiccionais na responsabilidade parental”. Desde a súa experiencia como maxistrado presentou diferentes casos prácticos e explicou as peculiaridades da lei catalana (o concepto de “responsabilidade parental” e os planes de parentalidade; a amplitude da mesma en moitos aspectos, como no asunto da vivenda, etc...). Finalizou indicando que os novos enfoques xurisdiccionais implican un novo paradigma á hora de afrontar os asuntos de familia no ámbito xudicial.

Actividades formativas

En relación aos cursos de formación interna para os membros da Sección, informamos que temos pendentes a realización dos cursos que por motivos diversos tiveron que ser aprazados. Un deles sobre **mediación nos diferentes ámbitos da psicoloxía xurídica**, que terá unha duración de 30 horas, e outro sobre **test gráficos**. Enviárase a oportuna información en canto se fixen unhas datas de celebración.

Eleccións á Xunta Directiva da Sección

Lembramos que se convocaron as eleccións para a Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG. A xornada electoral será o 1 de setembro e informamos da importancia da participación dos socios e socias. Se non podedes acudir presencialmente, lembre que pódese facelo por correo postal. Podedes atopar máis información en www.copgalicia.es/NovaVer.asp?id=676.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía da Xurídica da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=219.



XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com

FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]



Curso de intervención psicolóxica en catástrofes e emerxencias

Tivo lugar os días 24 e 25 de abril na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) na Estrada co obxectivo de dar a coñecer o programa da psicoloxía de catástrofes no ámbito de Protección Civil, adquirir habilidades para actuar coordinadamente dentro dun plan de actuación psicosocial e desempeñar eficientemente as técnicas de intervención psicolóxica. Debido a grande demanda que obtivo o curso, tense previsto realizar unha segunda edición os días 13 e 14 de novembro de 2012.

O curso estivo impartido por **Isabel Vera Navascués**, Psicóloga e Técnico Superior de Formación en Xestión de Emerxencias da Dirección General de Protección Civil e **Elena Puertas López**, Psicóloga e Técnico Superior en Investigación Psicosocial da Dirección General de Protección Civil, e coordinado por Isabel Vázquez Prado, membro da Coordinadora do GIPCE.

**GRUPO DE
INTERVENCIÓN
PSICOLÓXICA EN
CATÁSTROFES E
EMERXENCIAS
(GIPCE)**

Curso de intervención psicolóxica nunha catástrofe sísmica. Descrición da experiencia de Lorca

O pasado 1 e 2 de xuño, e subvencionado polo Fondo Social Europeo, levouse a cabo o curso sobre a intervención psicolóxica tras o terremoto de Lorca na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) na Estrada.



Asistentes ao Curso



Ángela Ruíz Argüello e Ricardo Villalba

O curso estivo coordinado por **Ana Isabel Martínez Arranz**, Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG e foi impartido por **Ángela Ruíz Argüello**, Vicedecana do Colegio Oficial de Psicólogos de la Región de Murcia e Vogal de Psicología de Emerxencias, Urxencias e Catástrofes e Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Desastres e Emerxencias; e por **Ricardo Villalba Gómez**, Funcionario de Carreira do Concello de Lorca e Coordinador do Servizo de Emerxencias-Protección Civil.

O curso pretendeu achegar aos asistentes ao ámbito catastrófico vivido polos cidadáns de Lorca. Introduciuse aos participantes nos procedementos iniciais de mando e control que guiaron a intervención nas primeiras horas da catástrofe, analizouse o papel dos equipos de psicólogos e psicólogas de emerxencias en grandes catástrofes e realizouse un xuízo crítico sobre a intervención nesta catástrofe.

Formación prevista

Impartido novamente por **Isabel Vera Navascués**, Psicóloga e Técnico Superior de Formación en Xestión de Emerxencias da Dirección General de Protección Civil e **Elena Puertas López**, Psicóloga e Técnico Superior en Investigación Psicosocial da Dirección General de Protección Civil, os días 13 e 14 de novembro celebrarase o Curso de intervención psicolóxica en catástrofes e emerxencias (2ª Edición) na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP). Mais información en: www.copgalicia.es/NovaVer.asp?id=672.

Enlace ao apartado do GIPCE na páxina web do COPG:
www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=203.

Sesión formativa

O pasado 21 de abril tivo lugar a sesión formativa titulada “Compartindo experiencias prácticas. Proxecto piloto de intervención con homes que exercen a violencia de xénero”, impartida por **Olga de la Luz Borrajo Tato** e **Mª Ángeles Pazos Sieira**, Psicólogas intervinientes no programa “Abramos o Círculo” do COPG.



Momento da Sesión Formativa

6º Congreso internacional de expertos en tráfico “Fit to drive”

Durante os días 26 e 27 de abril, celebrouse en Barcelona o 6º Congreso “Fit to drive”, con asistentes de 30 países e no cal se presentaron 26 relatorios de 12 países europeos xunto con Israel, Canadá e EEUU. España representou o 25 % dos asistentes e o 23 % dos relatores. Estivo organizado pola empresa Verban TÜB e V. de Alemania, ATL (Norwegian Driving School Association), e a editorial ETRASA ademais da colaboración do COP así como outras asociacións e institucións.

Cabe destacar non só os aspectos abonados sobre a seguridade viaria no contexto internacional e a avaliación e rehabilitación



Momento do Congreso

de conductores, senón tamén as distintas posturas do Parlamento Europeo e da Comisión Europea: Vindeira directiva de inspección técnica de vehículos para integrar alcohol e tamén na equivalencia de sinais e multas transfronteiras, establecer foros de expertos en seguridade viaria e o interese nos aspectos de cambio de condutas (estrés, adultos-maiores,...).

Mais información en www.fit-to-drive.com.



Momento da entrega

Mención especial

O 24 de maio o Grupo de Tráfico e Seguridade do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia foi galardoado cunha mención especial e placa conmemorativa pola Policía Local de Pontevedra, no día do seu patrón, en agradecemento pola nosa colaboración no programa SEVIME (Seguridade viaria con menores penados).

Informacións

Durante os meses de setembro e outubro a Comisión ten previsto seguir traballando no programa PSICOVIAL para presentar o primeiro boceto na vindeira reunión do Grupo, prevista para o 17 de novembro, na que tamén se desenvolverá unha sesión formativa.

Enlace ao apartado do Grupo de Tráfico e Seguridade na páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=123.


Artigo 6º

A profesión de psicólogo/a réxese por principios comúns a toda deontoloxía profesional: respecto pola persoa, protección de dereitos humanos, sentido de responsabilidade, honestidade, sinceridade para cos/coas clientes/as, prudencia na aplicación de instrumentos e técnicas, competencia profesional, solidez da fundamentación obxectiva e científica das súas intervencións profesionais.

Artigo 15º

Cando se ache diante de intereses persoais ou institucionais contrapostos, procurará o/a psicólogo/a realizar a súa actividade con máxima imparcialidade. A prestación de servizos nunha institución non exime da consideración, respecto e atención ás persoas que poidan entrar en conflito coa institución mesma e das cales o/a psicólogo/a, naquelas ocasións en que lexitimamente proceda, haberá de facerse valedor/ora ante as autoridades institucionais.

COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA



CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os/as Colexiados/as

O COPG non asume –salvo nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos Cursos que se relacionan nesta Circular.

Podedes consultar os Cursos, Xornadas e Congresos que non son organizados polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa no seguinte enlace da páxina web do COPG:

**[www.copgalicia.es/
copgalicia.asp?id=1](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=1)**

CIRCULAR

INFORMATIVA



Contido:

Editorial

Información Xeral

Información Seccións

Información Comisións

Información Grupos

Comisión de Ética e Deontoloxía

Actividades culturais

Últimos Colexiados/as

Código Deontolóxico

Publicacións-Biblioteca

Avisos

Cursos, Xornadas e Congresos





Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 | Fax: 981 534 983
copgalicia@cop.es | www.copgalicia.es

HORARIO

Inverno

De luns a xoves de 9.00
a 14.00 h e de 16.00 a
21.00 h, e os venres
de 9.00 a 14.00 h

Verán

Do 1 de xuño ao 15 de xullo

De luns a venres de 8.00
a 15.00 h, martes de 17.00
a 21.00 h

*Do 16 de xullo ao
31 de agosto*

De luns a venres
de 8.00 a 15.00 h

Do 1 ao 30 de setembro

De luns a venres de 8.00 a
15.00 h, martes de 17.00
a 21.00 h

Membro da EFPA

Federación Europea de Asociaciones
Profesionales de Psicólogos